

AUTOCARES GARCÍA unha empresa de máis de 80 anos

Os anos 30 vírona nacer, os 70 e 80 medrar,
no 2000 chegou a súa consolidación

Santa Comba é terra de emigrantes e tamén terra de emprendedores. Un destes foi Manuel García Amigo que no ano 1930 decidiu montar unha pequena empresa de transporte de persoas. O rapaz que non quixera estudar, ao contrario dos seus irmáns, era listo, decidido e traballador.

Con catrocentas pesetas de entón mercou un autocar deses que tiña compartimentos, os que ían diante pagaban máis que os que ían detrás. Ademais de transportar viaxantes, Manuel García era o encargado de levar e traer o correo a Santa Comba pero tamén era o que acompañaba aos médicos nas súas visitas e isto facíao sen cobrar nada polo servizo.

Na posguerra a escaseza de gasolina provocou unha crise importante pero o inxenio deste loitador fixo que encarase a situación de maneira positiva colocando un gasóxeno, deste xeito, a maioría do tempo o coche funcionaba con leña e cando o necesitaban utilizaba a gasolina. “A miña avoa erguíase ás cinco da mañá para quentar a leña e tela preparada para o camiño”, recalca José Luis García, neto de Manuel.

Anos despois relevouno na empresa José García, o seu fillo. Repetíase a historia, José tampouco

quixera estudar pero encantábanlle os coches, os motores e conducir. Nesa época Autocares García tiña varios servizos discrecionales de feiras, como di José Luis, “chegamos a facer 17 feiras ao mes, entre elas as de Santiago os xoves e as de Negreira tódolos domingos. Como había poucos utilitarios o autobús sempre ía a rebordar”. Tamén nese tempo empezaron a facer servizos escolares.

A competencia desleal e algunha que outra traba administrativa estiveron a piques de facer que esta grande empresa fôra á quebra pero o esforzo, o tesón e moita axuda da familia conseguiron que saíra máis fortalecida. Hoxe corren mellores aires, José Luis, o neto de Manuel e fillo de José e que coma eles tampouco quixo estudar, é a cabeza visible de Autocares García. Seguen a ter servizo escolar e algunha que outra feira, “agora as feiras están en decadencia”, engade José Luis, e incluso fan viaxes fóra de Galicia e tamén de España. Xunto coa súa dona Lucía, fai excursións a Salamanca, Toledo, Lourdes ou Fátima.

Na actualidade, teñen catro autobuses con tódalas comodidades que un poida imaxinar, repousapés, asentos reclinables e incluso cafeteira. Mudaron os tempos e a empresa

tamén cambiou, soubo adaptarse ao futuro, un futuro que pronto estará en mans do fillo de José Luis, David García, a cuarta xeración dunha familia na que se cumpre o dito de “querer é poder”.

*Dereita, unha ollada
ao pasado; abaixo
Lucía e José Luis
en Toledo na Ponte
do Pilar do 2.007*



¡¡¡LOS PRIMEROS
EN SANTA COMBA!!!

MUEBLES
de COCINA
ELECTRODOMÉSTICOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA
EN MUEBLES DE COCINA

OFERTAS INMEJORABLES

C/ Alfonso Molina, 29
SANTA COMBA
981 81 86 02



PASTELERIA
★ LA
ESTRELLA



PASTELERIA
ELENA

C/ Alfonso Molina, 65
T 981 88 08 07
M 616 42 52 51
SANTA COMBA (A Coruña)

www.pastelerialaestrella.net

C/ Pazos, s/n
T 981 50 32 98
LESTEDO
Boquixón (A Coruña)

forjados

santa comba, s.l.

DERIVADOS DEL HORMIGÓN
EN GENERAL

ESTRUCTURAS
PREFABRICADAS

- MONTAJE DE NAVES
- PÓRTICOS
- VIGAS PERALTADAS
- VIGAS CARGADERO (FSC)
- VIGAS TESTERO
- PILARES
- PANEL DE CERRAMIENTO
- BLOQUE - VIGA CANALÓN
- VIGUETA PRETENSADA
- POSTES DE CIERRE
- PARRILLAS
- XUGOS - VIGUETA ARMADA
- BOVEDILLA - NICHOS
- LOSA ALVEOLAR - GRADAS

DERIVADOS
DEL CEMENTO

FÁBRICA Y VENTAS: Braña Rica, s/n . Tel.: 981 880 351 . Fax: 981 880 949
SANTA COMBA - A CORUÑA fsc@offcampus.net



Librería Xeral Especializada
en Infantil e Xuvenil

Papelería e Material de Oficina

Fotocopias (B/N, cor e planos) e Fax

Zona Internet para Consultas Gratuitas

RESERVA XA OS TEUS
LIBROS DE TEXTO
FINANCIAMENTO DE ATA 6 MESES SEN INTERESES

(*) CONSULTA CONDICIÓN

R/ Rosalía de Castro, 32 - SANTA COMBA
pedidos@lerlibrerias.com
Tlf.: 981 88 13 33 - Fax: 981 88 03 67